

Benquerid@s Compañeirxs,

Meu nome é Fran del Buey, avogado, e un dos impulsores do proxecto profesional colectivo [TERRUM.SOCIAL](https://terrum.social), plataforma de servizos de asesoramento xurídico, defensa en tribunais e formación, que hoxe teño o pracer de presentarvos.

Esta comunicación que che remitimos, contén unha breve explicación conceptual do noso pensar no ámbito da RURALIDADE, acompañada dunha proposta xenérica dos servizos e accións que realizamos. Remitímolo á vosa colectividade para que simplemente a coñezades, a analicedes e - si o tedes a ben - a difundades.

O menú de accións que realizamos profesionalmente soe ter unha traxectoria natural de ASESORAMENTO:


- Posta en coñecemento do problema / elaboración dun orzamento / análise da situación / documentación / asesoramento gradual / intervención establecendo as pautas legais a seguir / revisión de resultados .

Nalgúns casos máis complexos a esta fase de execución da estratexia síguelle A DEFENSA XUDICIAL:

- A mediación / presentación de demandas nos Tribunais / actos notariais / vías de feito.

En todo caso pódense realizar accións FORMATIVAS:

- Demándase en paralelo a realización dunha formación colectiva que permita entender e capacitar ás persoas implicadas nas claves do proceso que están a vivir.



- Alternativamente prográmase formación continua ou puntual (seminarios) sen que exista vencello con ningunha casuística en particular (dereitos civís e políticos, dereito foral, usuarias e consumidoras, lexislación montes comúns, figuras xurídicas como cooperativas, fundacións etc).

Para o caso de estar [interesad@s](mailto:interesad@terra.com) na prestación dalgún dos servizos (ASESORAMENTO/ DEFENSA/ FORMACIÓN) podes contactar connosco para podervos clarexar calquera dúbida.

RURALIDADE

En **Lega-Terrum**, experiencia nada no seo dunha sociedade campesiña como é a galega, non podemos eludir que vivimos tempos a cada vez máis complexos, con grandes contradicións que xorden - entroutros factores - de que as persoas e as súas circunstancias andan á deriva, de a cabalo e sen solución de continuidade entre unha rica e espoliada ruralidade tradicional onde -pese ás grandes dificultades- as persoas, a paisaxe e a natureza formaron historicamente un conxunto harmónico (economías autárquicas e resilientes, xestión comunal da terra, aproveitamento máis que sostible dos recursos, soberanía alimentar, etc.) fronte a unha arela por superar un suposto "atraso" mediante a implantación forzosa dun imaxinario "civilizatorio" urbano (desordenado, xerárquico, caótico, insostible..) onde a persoa e a súa felicidade simplemente non contan no trampantoxo e o único importante é enfocarse nos opacos intereses das oligarquías centralistas que pretenden dende hai séculos impor un modelo de vida (ou de vida esmorecida) co que eles poidan autorecoñecerse ao carón dos demais oligarcas do estado como modernos *señoriños* do século XXI. E isto sacrificando polo camiño ese *oxímoron* chamado "estado social".




O recoñecemento desta dualidade de partida, herdeira de cousas boas e malas, constitúe para nós un criterio importante na hora de ofertar servizos pois determina a necesidade de empregar un enfoque xurídico e sociolóxico diferente e propio dunha RURALIDADE que é clase campesiña. Apoiados nese escairo estamos en condicións de intervir na resolución de conflitos e aportar solucións á viabilidade dos proxectos nun contexto "acorde".

Por este motivo Lega-Terrum, e a súa oferta de servizos de asesoramento, defensa e formación, diríxese primordialmente ao mundo da ruralidade, das comunidades ancestrais, das freguesías, das parroquias, da idiosincrasia das xentes, das experiencias ecolóxicas novas baseadas nos vellos principios, do papel central do feminino, da familia e da irmandade (en todas as súas acepcións posibles) como cerne cuántico dos nosos pasados e dos nosos futuros. En definitiva: poñémonos a carón das persoas, da súa paisaxe e da súa cultura.

O campo, o monte, o rural, a natureza.. ven sendo todo aquel psico-territorio colectivo, ese espazo toponímico, onírico e físico, ese concepto que esvara da tolemia dun tempo coma este onde todo se conxuga coa verba **medrar**, cando debера ser conxugado coa verba **equilibrio**..

Co gallo tamén de recuperar o vizoso caudal cultural que as aldeas nos deixaron , tanto nos abondosísimos usos e costumes, como nos modos de resolución de conflitos e diferenzas, na terminoloxía, nos fondos documentais e nos saberes anterros, empregamos nas nosas actuacións unha proactiva recuperación e valoración etnográfica na agrimensura, na arquitectura popular, na microtoponimia, nos usos ancestrais de vías de comunicación e pecuarias e na participación en institucións colectivas antigas ou forais.



Para rematar, o enfoque dende a ruralidade non impide exercer aquelas accións tecnolóxicas novedosas que permitan reprocesar con respecto os vellos valores e actualizalos ao momento actual. Por exemplo: coa idea de superar as limitacións de comunicacións propias do aillamento no rural, empregamos na medida do posible tecnoloxías e software libre que garantan autonomía mútua e o asesoramento a distancia.

En definitiva, o rural é unha auténtica sementeira de ideas, e estas precisan materializarse apoiadas en técnicas liberadoras, memoria consciente e ferramentas xurídicas ben afiadas.

Para contextualizar a nosa proposta tedes nestes dous enlaces información sobre a nosa traxectoria [social](#) e [profesional](#).

Asdo. Fran del Buey.



LEGA-TERRUM

PROPOSTA DE ASESORAMENTO XURÍDICO INTEGRAL E DEFENSA XUDICIAL.

OFERTA DE SERVIZOS:

Entre outros estes son algúns dos eidos nos que desenvolvemos o noso traballo cotiá.

Dunha banda temos os ámbitos relacionados coas **PERSOAS**

LABORAL E SOCIAL:

- Contratación por conta allea: despedimentos, reclamacións de cantidade. etc
- Discapacidade / Incapacidade Laboral (IT,IP)
- Prestacións (RAI, RISGA, EMERXENCIA). Autónomos (RETA)

RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS CIVÍS:

- Herdanza, testamento, apartación, pacto de mellora, sociedade agraria galega.
- Fideicomisos, patrimonios protexidos, etc.
- Familia, custodia e alimentos. Divorcios e separacións.



Doutra banda temos os ámbitos relacionados coas **COUSAS**.

RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS ADMINISTRATIVOS:

- Catastro: titularidade, verificación virtual, discrepancias etc.
- Licenzas: obra, rehabilitación, reforma, segregación e agrupación de leiras, cernas e podas, queimas controladas etc.
- Concesións: augas, enerxía solar etc.
- Comunidades de montes: estatutos, demarcación, organización etc.
- Protección de datos. Dereitos ARCO. Sinatura e selo dixital.

RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS CIVIS:

- Contratos: Compra/Venda, precario, cesión, comodato, etc.
- Litixios: interditos, servidumes, usucapios etc.
- Escrituras Notariais: elevación ao público de contratos etc.

CUESTIÓN ECONÓMICAS:

- Modelos de empresa: (SL, COOPERATIVA, FUNDACIÓN)
- Empréstitos: Hipotecas, ao consumo, solidarios, etc.
- Monitorios
- Criptomoeda

SEGUROS:

- Sanitarios, sociais privados, de arrendamento, de hipoteca, de responsabilidade civil, etc.